

Exp. 548/2009

TEXTO:

Auto da Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo que se lle dá publicidade á parte dispositiva da sentenza 00045/2017, de 9 de febreiro de 2017.

Visto pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o procedemento ordinario 0004232/2012 contra acordo do Pleno do Concello de Ourense de 20/01/2012 que aprobou definitivamente o Plan Especial de Protección do BIC coa categoría de sitio histórico do conxunto das fontes termais de As Burgas e o seu contorno delimitado, interposto pola Congregación Religiosa Siervas de San José, ditouse sentenza 00045/2017, de 9 de febreiro, pola que se estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto.

Polo tanto, de conformidade co disposto nos artigos 72 e 107 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e co fin de levar a puro e debido efecto a dita sentenza, resolvese dar publicidade a súa parte dispositiva, que a seguir se transcribe:

“Por todo o exposto, en nome do Rei, pola la autoridade que lle confire a Constitución, esta sala decidiu
1) Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto pola Congregación Religiosa Siervas de San José contra o acordo indicado no primeiro fundamento de esta sentenza; 2) Anular dito acordo no que se refire ao inmovible da parte actora sito no Nº 24 darúa Progreso; 3) Impor ao Concello de Ourense, co límite sinalado, as costas procesais causadas á recorrente.

Contra esta sentenza cabe interpor, ben ante o Tribunal Supremo, ben ante a correspondente Sección desta Sala, o recurso de casación previsto no artigo 86 da Lei xurisdicional, que haberá de prepararse mediante escrito a presentar nesta Sala no prazo de trinta días e cumprindo os requisitos indicados no artigo 89.2 de dita Lei.”

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 09/03/2016 no punto 6 da orde do día acordou non recorrer a sentenza.

Ourense, 29 de marzo de 2017
O ALCALDE-PRESIDENTE
Asdo. Jesús Vázquez Abad